

REGULAMENTO E ORDE DO DÍA DA CONFERENCIA EXTRAORDINARIA DA SSI DA ONCE DE GALICIA 1 de abril de 2019

ORDE DO DÍA

- Elección da Comisión Executiva da SSI da Once de Galicia
- Elección da Secretaría Xeral da SSI da Once de Galicia

REGULAMENTO

10:00 a 10:30 horas

Retirada de credenciais por parte dos delegados e delegadas.

10:30 horas. Inauguración da Conferencia Extraordinaria

Unha persoa en representación da Xestora dará lectura ao Regulamento e orde do día da Conferencia aprobados por esta e da composición da Presidencia do Congreso. Neste momento a Xestora cesa dos seus cargos.

As persoas que forman parte da Presidencia soben á mesa e elixen, no seu seo, o presidente ou presidenta e a Secretaría de Actas.

A Presidencia administrará os tempos e dará a coñecer o número de delegados e delegadas que teñen retirada a súa credencial ata ese momento, segundo un primeiro informe da Comisión Técnica.

10:45 horas.

A Presidencia invita á Comisión Técnica para que, logo de verificar a identidade dos delegados e delegadas, redacte a acta na que constará o número de delegadas e delegados convocados e asistentes ao congreso.

11:00 horas. Convocatoria das distintas comisións

A Presidencia presenta os nomes dos delegados e delegadas nomeados para formaren parte da Comisión Electoral da Conferencia, consonte os criterios do Anexo organizativo e das Normas congresuais, asignándolle sala para os seu

traballo. A Comisión Electoral comezará o seu traballo ás 11:05 horas e rematarao, aproximadamente, ás 12:05 horas e informa que o prazo para presentar as propostas de candidaturas para a Comisión Executiva e Secretaría Xeral pecha ás 11:25 horas.

A Presidencia informa o plenario do traballo da Comisión Técnica sobre os delegados e delegadas que recolleron a súa credencial, desagregando os datos por sexo.

12:15 horas. Procedemento para as votacións

A Presidencia dálle a palabra á persoa portavoz da Comisión Electoral, quen exporá perante o Pleno as conclusións dos seus traballos e fará as propostas de candidatos e candidatas para a Comisión Executiva e Secretaría Xeral. De existiren listas alternativas, de acordo co establecido nos Estatutos da Federación de Servizos a Cidadanía, abrírase unha rolda de intervencións de defensa das diferentes candidaturas, que se pechará coa intervención de quen asuma a defensa da candidatura maioritaria. Enténdese por candidatura maioritaria a que acade máis avais entre as delegadas e delegados do Congreso.

A Presidencia propón ao Congreso os nomes das persoas que actuarán como interventoras na elección e escrutinio correspondente. Estas verificarán todo o proceso e entregarán á Presidencia os resultados. De se presentar máis dunha candidatura para as diferentes comisións e para a Secretaría Xeral, as persoas interventoras serán ata dúas por candidatura.

A Presidencia comunicaralle ao Pleno a hora de votación das distintas candidaturas, unha vez a comisión técnica teña feitas as distintas papeletas e sexa autorizada a distribuílas.

O sistema de votación asegurará o sufraxio libre e secreto de cada delegado e delegada.

12:30 horas. Votacións

A Presidencia autoriza a distribución das candidaturas e listas propostas aos delegados e delegadas. Procédese a votar as diferentes eleccións que haxa que realizar

12:45 horas. A Presidencia da mesa lerá a acta de escrutinio das distintas votacións, dándose a coñecer as persoas elixidas para Comisión Executiva, así como o secretario ou secretaria xeral.

13:00-13:30 horas. A Comisión Executiva elixida sobe á mesa presidencial e o secretario ou secretaria xeral elixida clausura o congreso.

NOTAS FINAIS

A mesa presidencial, en función do tempo dispoñible ou de calquera imprevisto, de acordo coas súas atribucións, tomará as medidas adecuadas para o mellor desenvolvemento do congreso.

A Secretaría Técnica do Congreso terá as funcións sinaladas nas Normas congresuais do 3º Congreso da FSC.

COMPOSICIÓN DAS DISTINTAS COMISIÓNS E DA MESA CONFERENCIA EXTRAORDINARIA DA SSI DA ONCE DE GALICIA

Tal e como está recollido no anexo que regula o proceso, a composición da Mesa do Congreso e das distintas comisións é a seguinte:

Comisión Técnica do congreso: nomeada pola Xestora da SSI da Once de Galicia, desenvolverá as funcións recollidas nas Normas congresuais que regulan do 3º Congreso da FSC. Dependerá da Xestora ata o inicio do congreso e da Presidencia deste no momento de se iniciar o congreso.

A Comisión Técnica do congreso, que en ningún caso estará formada por delegados e delegadas no congreso, ten encomendadas as seguintes funcións:

1. Acreditar as persoas que asistan como delegadas, de acordo coa documentación facilitada polas organizacións mediante as actas remitidas á Xestora. A Comisión Técnica redactará a acta das súas actuacións. Ten que facer constar o número de persoas convocadas e as efectivamente acreditadas, desagregando estes datos por xénero. Tamén incluírá as incidencias, se están pendentes de resolución. A acta asinada tense que entregar á Presidencia do congreso.

2. Proceder ao reconto físico dos votos no Pleno das votacións, así como, de ser o caso, dos votos na urna das diferentes candidaturas. Ao rematar o período de votación das diferentes candidaturas, tense que proceder ao seu reconto, xunto cunha persoa nomeada pola Presidencia do congreso, as dúas persoas nomeadas pola Comisión de Candidaturas e as persoas que, como representantes de cada unha das candidaturas, actúan en calidade de interventores e interventoras. Unha vez rematado o reconto, redactarán unha acta deste, que será asinada pola Comisión Técnica, unha persoa nomeada pola Presidencia e as dúas persoas nomeadas pola Comisión de Candidaturas.
3. Colaborar coa Comisión de Candidaturas, a través dos medios técnicos de que dispón, na verificación de que as candidaturas presentadas cumpren todos os requisitos esixidos nas normas.
 - No caso de que unha ou varias candidaturas non cumpran os requisitos esixidos nas normas, a Comisión Técnica informará a Presidencia do congreso, que decidirá a solución razoada.
 - Elaborar os exemplares das candidaturas aceptadas para repartilas entre as persoas delegadas, procurando que se realicen no mesmo modelo de papel e letra.
4. Todas aquelas cuestións que a Presidencia do congreso lle encomende.

Comisión Electoral ou de Candidaturas: estará composta por tres persoas distribuídas: 1 da delegación da A Coruña e Ferrol, 1 da delegación de Pontevedra – Arousa e 1 da delegación de Lugo – Mariña - Ourense.

Recibirá as propostas de candidaturas que se lle presenten para a Secretaría Xeral e a Comisión Executiva da SSI ONCE Galicia. Fará a proposta do número de integrantes da Comisión Executiva. As candidaturas deberán conter cando menos o mesmo número de persoas as que hai que elixir, e deberán vir acompañadas pola aceptación expresa da súa inclusión en cada una de elas. Deberán vir avaladas alo menos polo dez por cento das persoas delegadas acreditadas no congreso

As conclusións das Comisións recolleranse en acta. Elixirá de entre os seus compoñentes a persoa que actuará como portavoz da Comisión e un secretario ou secretaria de Actas

Presidencia do congreso: A mesa do Congreso estará composta por tres persoas, un membro da Comisión Xestora, máis dous membros nomeados por cada unha das delegación de maior afiliación: A Coruña - Ferrol e Lugo – Mariña - Ourense. Elixirá de entre os seus compoñentes o presidente ou presidenta, presidente ou presidenta adxunto e secretario ou secretaria de Actas.

Número de delegados e delegadas para os efectos de porcentaxes a avais: o dereito ao voto só o poderán exercitar en todo momento os delegados e delegadas acreditados previamente no congreso. Para obter as porcentaxes de maioría ou minoría terase en conta o número delegados e delegadas acreditados.

Para obter o número de avais que ha ter calquera proposta, terase en conta o número de delegados e delegadas acreditados ante o Congreso. Para isto, a Comisión Técnica proporcionarlle á mesa do congreso unha primeira certificación de acreditacións no momento de se iniciar. O dito número terá vixencia e será de aplicación ata o momento de peche do prazo de acreditacións, cando se redactará a acta e se lle proporcionará á mesa do congreso o número de delegados e delegadas acreditados e acreditadas definitivamente, que será de aplicación a partir dese momento.

Participación dos delegados e delegadas natos ao congreso: os integrantes da Comisión Xestora que participan como natos ao congreso articularán o seu dereito a voto e a participar integrándose nas delegacións de procedencia de afiliación, como un membro máis delas.

O non disposto neste documento rexerá polo establecido nas normas aprobadas polo Consello da FSC da FSC CCOO Estatal e polo Consello Confederal para o 11º Congreso Confederal